

PRONOME ÁTONO de 2ª persoa singular: **TE** (C.D.), **CHE** (C.I.)

Empregamos **TE** cando se refira á persoa en conxunto, a toda ela; empregamos **CHE** cando se refira a algo ou parte dela.

Lévote no colo pero non che levo un regalo.

Poñede **TE** ou **CHE** segundo corresponda:

1. Somos vinte, pero non contou a ti.
2. Contou..... un conto de risa.
3. Pisou..... nun pé.
4. Pisou..... un pé.
5. Presentou..... nunha reunión de amigos.
6. Presentou..... ao que querías coñecer.
7. Tróuxo..... no colo dende a casa.
8. Tróuxo..... o que lle pediras.
9. Levou..... ás cabaliñas media hora.
10. Levou..... o caderno para copiar.
11. Mirei..... onte á noite.
12. Mirei..... o teu vestido encarnado.
13. Púxo..... pingando ao saltar na poza.
14. Púxo.....pingando o pantalón.
15. Guía..... polo bo camiño.
16. Guía..... o teu coche pola estrada.
17. Guindou..... do asento cun empuxón.
18. Guindou..... un rebolo á cabeza.
19. Sacou..... da casa case á forza.
20. Sacou..... unha entrada para o cine.
21. Meteu..... nunha caixa baleira.
22. Meteu..... unha trola.
23. Seguiu..... por toda a rúa.
24. Seguiu..... o teu consello.
25. Gabou..... polo ben que o fixeches.
26. Gabou..... o teu traballo.
27. Roubou..... de noite.
28. Roubou..... cen pesos de noite.
29. Quitei..... dun apuro.
30. Quitei..... a etiqueta do xersei.

Con verbos que poden funcionar como reflexivos e cos propiamente reflexivos sempre empregamos **TE**:

- | | | |
|--------------|-------------|--|
| arrepentirse | queixarse | 1. Ti logo queixas por calquera cousa. |
| atreverse | divorciarse | 2. Séca..... con esa toalla de cadros. |
| secarse | peitearse | 3. Ti só non atreves a facer iso. |
| lavarse | vestirse | 4. Víste..... axiña! |
| espirse | rascarse | 5. Nunca arrepintes de nada? |
| | | 6. Agora moito lavas. |

OBSERVA: Os verbos como lavarse, secarse, etc., deixan de ser reflexivos cando aparece o obxecto directo: *Ti lávaste / Ti láva-las mans ...lavas as mans*